

# Agustín Fernández Paz, premio da AELG á mellor obra narrativa por ‘A viaxe de Gagarin’

Redacción | 09 de Maio de 2015



Foto: Ana Pontón

O presidente da Asociación de Escritoras en Lingua Galega, Cesáreo Sánchez, reivindicou a literatura como “lugar de soberanía do idioma” e o papel da prensa "galega e en galego".

O Círculo das Artes de Lugo acolleu a Gala das Letras, durante a que se deron a coñecer as obras gañadoras dos premios da Asociación **de Escritoras e Escritores en Lingua Galega** (AELG). A obra *A viaxe de Gagarin* de

**Agustín Fernández Paz** foi elixida como o mellor título de 2014 en narrativa polos centos de socios e socias.

Abriu a Gala a xornalista da TVG **María Solar** que recordou que "seguimos soñando, querendo e amando a nosa lingua". Foi seguida do presidente da AELG, **Cesáreo Sánchez**, que reivindicou a literatura como “lugar de soberanía do idioma” e a escrita literaria “como un elemento normalizador”. Sánchez fixo mención ao papel dos medios e asegurou que “**só con prensa galega e en galego é posíbel dicir as nosas verdades**”.

*A distancia do tambor* de **Eva Veiga** fíxose co galardón na categoría de poesía, mentres que Carlos Negro conseguiu o premio a mellor obra de literatura Infanto-Xuvenil por *Penúltimas tendencias*. "O meu maior premio son os ollos da rapazada á que lle descubres o mundo cunha palabra", dixo durante o discurso. **Monste Dopico** foi a gañadora na categoría de xornalismo cultural. "Non vou reivindicar a lingua e a cultura porque sería como reivindicar respirar", manifestou.

A AELG entregou outros tres premios honoríficos e unha distinción, [anunciados con anterioridade](#). Recoñeceuse **Josefa Arias e Emilio do Pando**, por unha vida dedicada a transmisión da cultura popular galega, co premio ‘Mestras-es da Memoria’. O Escritor Galego Universal 2015 foi para o autor brasileiro **Luiz Ruffato**. Abraham Cupeiro e Iago González puxeron a música na Gala das Letras “dando vida aos instrumentos esquecidos”.

## Lista de premiados:

**Mellor tradución:** Darío Xohán Cabana por *A Divina Comedia*, de Edicións da Curuxa.

**Mellor obra de teatro:** *Obras completas. Volume IV*, de Roberto Vidal Bolaño en Edicións Positivas.

**Mellor ensaio:** Helena Miguélez-Carballeira por *Galiza, um povo sentimental? Género, política e cultura no imaginário nacional galego*, de Através Editora.

**Mellor obra narrativa:** Agustín Fernández Paz por *A viaxe de Gagarin*, de Edicións Xerais.

**Mellor obra de poesía:** *A distancia do tambor* de Eva Veiga, en Espiral Maior.

**Mellor blog literario:** *Caderno de crítica* de Ramón Nicolás

**Mellor obra de Literatura Infanto-Xuvenil:** *Penúltimas tendencias* de Carlos Negro, de Edicións Xerais.

**Mellor traxectoria en xornalismo cultural:** Montse Dopico.

**Premio Bos e Xenerosos:** Xosé María Palmeiro, Manuel Lombao, Tareixa Navaza, Margarita Ledo.

**Premio Institución Culturais:** Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e a Asociación de Medios en Galego.

**Premio Mestras-es da Memoria:** Josefa Arias e Emilio do Pando.

**Escritor Galego Universal 2015:** Luiz Ruffato.